

 <p><b>USC</b> UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</p>	 <p><b>2º Exame da oposición de Auxiliares Técnicos de Informática da USC</b></p>	<p><b>ESPACIO RESERVADO PARA A ETIQUETA CO CÓDIGO DE BARRAS</b></p>
---	---	---

<p><b>1.</b> Tráennos un ordenador con problemas. “Non acende” dinnos. Conectámolo correctamente e accionamos o botón de acendido. No monitor non sae ningunha imaxe e a unidade central emite unha serie de pitadas cunha cadencia determinada. Que está a suceder?</p>	<p><b>1.</b> Nos traen un ordenador con problemas. “No enciende” nos dicen. Lo conectamos correctamente y accionamos el botón de encendido. En el monitor no sale ninguna imagen y la unidad central emite una serie de pitidos con una cadencia determinada. ¿Qué está sucediendo?</p>
<p><b>2.</b> Unha vez solucionado o problema comprobamos que o ordenador detén o seu arranque mostrándonos unha mensaxe do tipo “Boot failure, please insert boot disk” . Estráñanos porque no disco duro está correctamente instalado Windows 2000. Indique tres posibles motivos polos que ocorre isto e as súas correspondentes solucións.</p>	<p><b>2.</b> Una vez subsanado el problema comprobamos que el ordenador detiene su arranque mostrándonos un mensaje del tipo “Boot failure, please insert boot disk” . Nos extraña porque en el disco duro esta correctamente instalado Windows 2000. Indique tres posibles motivos por los que ocurre esto y sus correspondientes soluciones.</p>
<p><b>3.</b> Conseguimos que Windows 2000 se inicie pero despois de mostrar a pantalla do logotipo desaparece a imaxe da pantalla. Que pasos debemos dar para comprobar o que pasa e descartar avarías nos diferentes compoñentes?</p>	<p><b>3.</b> Conseguimos que Windows 2000 se inicie pero después de mostrar la pantalla del logotipo desaparece la imagen de la pantalla. ¿Qué pasos debemos dar para comprobar lo que pasa y descartar averías en los diferentes componentes?</p>

<p><b>4.</b> Unha vez iniciada a sesión no equipo vemos que non podemos navegar por internet; comprobamos que o cable de rede está ben conectado pero non acende o “led de enlace” (link) da tarxeta de rede. Sabendo que a tarxeta de rede funciona correctamente, indique catro posibles causas desta avaría.</p>	<p><b>4.</b> Una vez iniciada la sesión en el equipo vemos que no podemos navegar por Internet; comprobamos que el cable de red está bien conectado pero no se enciende el “led de enlace” (link) de la tarjeta de red. Sabiendo que la tarjeta de red funciona correctamente, indique cuatro posibles causas de esta avería.</p>
<p><b>5.</b> Recuperada a conectividade da tarxeta de rede seguimos co noso traballo. Ao texto da pantalla fáltalle nitidez. Temos un monitor TFT de 19 pulgadas con relación de aspecto 1,3333. A que resolución de pantalla debemos configurar o equipo para que se vexa de maneira óptima?</p>	<p><b>5.</b> Recuperada la conectividad de la tarjeta de red seguimos con nuestro trabajo. Al texto de la pantalla le falta nitidez. Tenemos un monitor TFT de 19 pulgadas con relación de aspecto 1,3333. ¿A qué resolución de pantalla debemos configurar el equipo para que se vea de manera óptima?</p>
<p><b>6.</b> Se tivésemos instalado Windows XP en vez de Windows 2000, de que xeito poderíamos mellorar o aspecto dos tipos de letra por tratarse dunha pantalla TFT?.</p>	<p><b>6.</b> Si tuviésemos instalado Windows XP en vez de Windows 2000, ¿de qué modo podríamos mejorar el aspecto de los tipos de letra por tratarse de una pantalla TFT?.</p>

<p><b>7.</b> O usuario quéixase de que o equipo vai moi lento, sospeitamos que é un virus. Para descartar outros problemas comprobamos o rendemento da CPU. Como comprobamos o rendemento da CPU?</p>	<p><b>7.</b> El usuario se queja de que el equipo va muy lento, sospechamos que es un virus. Para descartar otros problemas comprobamos el rendimiento de la CPU. ¿Cómo comprobamos el rendimiento de la CPU?</p>
<p><b>8.</b> Dende a unidade da rede de datos da Área TIC da USC pídnos que lle enviemos a dirección MAC do adaptador de rede do equipo que estamos revisando. Tendo en conta que dispoñemos dunha conta de usuario restrinxido (aulaXXati01), e que nas políticas de sistema, tanto o comando executar do menú de inicio, como a opción do símbolo de sistema están deshabilitadas para este tipo de usuarios, cales son os pasos que deberíamos dar para obter ese dato?</p>	<p><b>8.</b> Desde la unidad de la red de datos del Área TIC de la USC nos piden que le enviemos la dirección MAC del adaptador de red del equipo que estamos revisando. Teniendo en cuenta que disponemos de una cuenta de usuario restringido (aulaXXati01), y que en las políticas de sistema, tanto el comando ejecutar del menú de inicio, como la opción del símbolo de sistema están deshabilitadas para este tipo de usuarios, ¿cuáles son los pasos que deberíamos dar para obtener ese dato?</p>
<p><b>9.</b> Este equipo ten unha IP do rango que vai desde a dirección IP 172.160.1.20 ata a IP 172.160.1.40. Indica tres direcciones MAC válidas para ese rango e razoa porque as tres elixidas son compatibles con ese rango.</p>	<p><b>9.</b> Este equipo tiene una IP del rango que va desde la dirección IP 172.160.1.20 hasta la IP 172.160.1.40. Indica tres direcciones MAC válidas para ese rango y razona porque las tres elegidas son compatibles con ese rango.</p>

<p><b>10.</b> Mentres terminamos con este equipo recibimos unha chamada da aula de informática. Existe un problema coa impresora, esta non imprime. O usuario xa comprobou que ten papel e toner e que quedan descartados posibles atascos de papel. Enumere tres elementos a comprobar para arranxar a situación.</p>	<p><b>10.</b> Mientras terminamos con este equipo recibimos una llamada del aula de informática. Existe un problema con la impresora, esta no imprime. El usuario ya comprobó que tiene papel y toner y que quedan descartados posibles atascos de papel. Enumere tres elementos a comprobar para solventar la situación.</p>
<p><b>11.</b> Sabemos que as impresoras se conectan habitualmente aos ordenadores a través do porto USB ou tamén do porto paralelo, pero existen outras posibles maneiras. Enumere tres distintas das xa citadas.</p>	<p><b>11.</b> Sabemos que las impresoras suelen conectarse a los ordenadores a través del puerto USB o también del puerto paralelo, pero existen otras posibles maneras. Enumera tres distintas de las ya citadas.</p>
<p><b>12.</b> O cable paralelo era o máis utilizado ata fai pouco para a interconexión entre o ordenador e a impresora. Este cable utiliza uns tipos de conector característicos. Describa e explique, o máis detalladamente posible o cable e os seus conectores.</p>	<p><b>12.</b> El cable paralelo era el más utilizado hasta hace poco para la interconexión entre el ordenador y la impresora. Este cable utiliza unos tipos de conector característicos. Describe y explica, lo más detalladamente posible el cable y sus conectores.</p>

<p><b>13.</b> No ordenador da conserxería temos un arquivo onde figuran as existencias de papelería dentro da carpeta “Mis Documentos”. Queremos permitir o acceso ao dito arquivo ao Decano do centro e ao Xefe de Asuntos Económicos, deixando ao primeiro acceso só de lectura e ao segundo que teña acceso para introducir cambios e ademais acceder ao scanner da Conserxería. Como asignaría estos permisos tendo en conta que o noso sistema operativo é Windows 2000?</p>	<p><b>13.</b> En el ordenador de la conserjería tenemos un archivo donde figuran las existencias de papelería dentro de la carpeta “Mis Documentos”. Queremos permitir el acceso a dicho archivo al Decano del centro y al Jefe de Asuntos Económicos, dejando al primero acceso sólo de lectura y al segundo que tenga acceso para introducir cambios y además acceder al scanner de la Conserjería. ¿Cómo asignaría estos permisos teniendo en cuenta que nuestro sistema operativo es Windows 2000?</p>
<p><b>14.</b> Un profesor entrégalle na conserxería 4 sobres de 20 gramos normalizados. Tres deles levan o anagrama da USC, un deles non o ten e ademais é unha carta persoal, pero entréganolo xa franqueado e vai para Barcelona. Das outras 3 cartas co logotipo da USC, unha vai con acuse de recibo para o Campus de Lugo, outra vai para a Universidade da Coruña, e a outra vai para o Hospital Clínico Universitario. Como tramitaría cada un destes catro envíos?</p>	<p><b>14.</b> Un profesor le entrega en la conserjería 4 sobres de 20 gramos normalizados. Tres de ellos llevan el anagrama de la USC, uno de ellos no lo tiene y además es una carta personal, pero nos lo entrega ya franqueado y va para Barcelona. De las otras 3 cartas con el logotipo de la USC, una va con acuse de recibo para el Campus de Lugo, otra va para la Universidad da Coruña, y la otra va para el Hospital Clínico Universitario. ¿Cómo tramitaría cada uno de estos cuatro envíos?</p>

<p><b>15.</b> Á conserjería dun centro do campus de Lugo no que vostede traballa chega unha notificación da Xerencia da USC con acuse de recibo dirixida a un PAS do dito centro que se atopa de baixa por enfermidade. Explique cal é o procedemento que vostede ten que seguir para a entrega e/ou devolución desta notificación.</p>	<p><b>15.</b> A la conserjería de un centro del campus de Lugo en el que usted trabaja llega una notificación de la Gerencia de la USC con acuse de recibo dirigida a un PAS del citado centro que se encuentra de baja por enfermedad. Explique cuál es el procedimiento que usted tiene que seguir para la entrega y/o devolución de esta notificación.</p>
<p><b>16.</b> Un día, véspera de festivo, cando chega pola mañá ao seu posto de traballo observa que o aparato do sistema de seguridade, onde debe introducir o código para desactivar a alarma anti-intrusos está avariado. Describa como actuaría para solucionar este problema e indique o prazo máximo no que debería estar solucionado.</p>	<p><b>16.</b> Un día, víspera de festivo, cuando llega por la mañana a su puesto de trabajo observa que el aparato del sistema de seguridad, donde debe introducir el código para desactivar la alarma anti-intrusos está averiado. Describa como actuaría para solucionar este problema e indique el plazo máximo en el que debería de estar solucionado.</p>
<p><b>17.</b> Como debería actuar ante un conato de emerxencia e a quen llo debería comunicar?</p>	<p><b>17.</b> ¿Cómo debería actuar ante un conato de emergencia y a quién se lo debería comunicar?</p>

<p><b>18.</b> Enumere tres das consignas específicas, debidas á existencia dunha instalación de detección automática de incendio e alarma, que vostede debería ter en conta no seu traballo cotiá na conserxería dun centro.</p>	<p><b>18.</b> Enumere tres de las consignas específicas, debidas a la existencia de una instalación de detección automática de incendio y alarma, que usted debería tener en cuenta en su trabajo cotidiano en la conserjería de un centro</p>
<p><b>19.</b> Unha persoa allea á Universidade chama por teléfono á conserxería do centro preguntando por un profesor que nese momento non se atopa no seu despacho. Como debería proceder?</p>	<p><b>19.</b> Una persona ajena a la Universidad llama por teléfono a la conserjería del centro preguntando por un profesor que en ese momento no se encuentra en el despacho. ¿Cómo debería proceder?</p>
<p><b>20.</b> Para coñecer o estado do inventario en todo momento, o conserxe do centro pídelles que prepare unha ficha de existencias. Enumere os datos que deberá conter esta ficha de existencias para cada material almacenado.</p>	<p><b>20.</b> Para conocer el estado del inventario en todo momento, el conserje del centro le pide que prepare una ficha de existencias. Enumere los datos que deberá contener esta ficha de existencias para cada material almacenado.</p>